

Resolución do 26 de xuño de 2025 da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (MOVES III_2025). (Procedementos IN421Q, IN421R)

As axudas obxecto desta convocatoria enmárcanse no programa de incentivos ligados a mobilidade eléctrica (MOVES III_2025) regulado polo Real decreto-lei 3/2025, de 1 de abril, para contribuír á descarbonización do sector do transporte. Este Real decreto-lei, define as actuacións subvencionables segundo o artigo 13 do Real Decreto 266/2021, de 13 de abril, ao tempo que recoñece a retroactividade para as solicitudes presentadas a partir do 1 de xaneiro de 2025, vinculando, así, o novo MOVES III_2025 ao seu predecesor, o MOVES III xa regulado por Real Decreto 266/2021, de 13 de abril, cuxo período de vixencia concluíu o 31 de decembro de 2024 tras non convalidarse o Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro, no Congreso dos Deputados.

Co fin de garantir a continuidade do apoio público á mobilidade eléctrica e para evitar períodos de inseguridade xurídica que podan supoñer unha paralización da mesma, o Real Decreto-lei 3/2025 dispón que o programa tamén se rexa polas disposicións do Real Decreto 266/2021, incluíndo as súas modificacións posteriores.

Ademais, o programa conta con financiamento estatal asignado ao Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) conforme ao artigo 3 do Real Decreto-lei 3/2025, que aproba un crédito extraordinario de 400 millóns de euros para este fin.

Segundo o artigo 5 do Real Decreto 266/2021, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla son beneficiarias directas, e débense destinar os fondos aos suxeitos finais recollidos no seu artigo 11.1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia asumirá a xestión e execución do programa, aplicando os criterios de selección e xestión establecidos no propio Real Decreto 266/2021 e nas súas modificacións.

Deste xeito, establécese un marco normativo consolidado que incorpora a retroactividade, garante a continuidade xurídica e reforza a coordinación institucional necesarias para asegurar a correcta aplicación dos incentivos á mobilidade eléctrica e contribuír á descarbonización do transporte.

O Instituto Enerxético de Galicia constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición á Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destacan, o impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente contempla a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Para facer fronte á convocatoria de axudas MOVES III_2025, o Inega destina nos seus orzamentos un total de 19.636.965,35 € de inversións directas, procedentes do programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica promovido polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico

Cando os destinatarios sexan persoas físicas cunha actividade económica (autónomos) ou PEME que opten por esta vía, o réxime de minimis establécese conforme ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, de 13 de decembro, de aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis; e cando se trate de empresas ou persoas xurídicas, aplicarase o Regulamento (UE) 651/2014, de 17 de xuño, que declara compatíbeis co mercado interior determinadas categorías de axudas para a protección do medio ambiente. A coordinación e seguimento do programa correspondénlle ao IDAE, incardinándose as actuacións na Sección 7, artigo 36 bis e 36 ter do Regulamento 651/2014 e o cumprimento dos límites de contía recollidos no Anexo III, punto segundo, do Real Decreto 266/2021.

O MOVES III en Galicia convocouse mediante Resolución da dirección do Inega de 26 de xullo de 2021 (procedementos IN421Q e IN421R), publicada no DOG nº 149 do 5 de agosto. Co obxectivo de recuperar as solicitudes presentadas nesta convocatoria a partir do 1 de xaneiro de 2025, tal e como establece o Real decreto lei 3/2025, considerase necesario convocar o MOVES III_2025 partindo da Resolución de 26 de xullo de 2021, habilitando deste xeito dar continuidade ao proceso de adhesión de entidades colaboradoras e abreviando os prazos para a posta en marcha do MOVES III_2025. Así, o Inega considera conveniente atribuír a colaboración no seguimento da xestión das axudas ás entidades colaboradoras que reúnan os requisitos establecidos no artigo 6.1 da Resolución de 26 de xullo de 2021.

Por todo o anterior, en virtude do disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 16 dos estatutos da axencia Instituto Enerxético de Galicia aprobados polo Decreto 142/2016, de 22 de setembro

RESOLVO

Artigo 1.- Obxecto

1. A presente resolución ten por obxecto aprobar a convocatoria de axudas correspondente á anualidade 2025 do programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (MOVES III_2025) regulado polo Real Decreto-lei 3/2025, de 1 de abril, que establece as actuacións subvencionables recollidas no artigo 13 do Real Decreto 266/2021, de 13 de abril, e esténdese retroactivamente ás solicitudes presentadas desde o 1 de xaneiro de 2025. Igualmente, establécense os procedementos de adhesión das entidades colaboradoras (código IN421Q) e de presentación de solicitudes (código IN421R), reactivando para MOVES III_2025 a estrutura de adhesión prevista na Resolución do Inega de 26 de xullo de 2021 agás as excepcións expresamente previstas nesta resolución.

2. Convócanse axudas para as seguintes actuacións subvencionables no marco do MOVES III_2025:

Programa de incentivos 1: Adquisición de vehículos eléctricos “enchufables” e de pila de combustible (en adiante Adquisición de vehículos eléctricos).

Programa de incentivos 2: Implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.

3. As axudas obxecto de esta convocatoria estarán sometidas ó disposto no Real Decreto lei 3/2025, de 1 de abril, polo que se establece o programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) para o ano 2025 (en adiante MOVES III_2025).

4. A presente convocatoria rexerase polo establecido na Resolución da dirección do Inega de 26 de xullo de 2021 (códigos de procedemento IN421Q e IN421R) agás naqueles aspectos que se dispoñan expresamente de forma distinta na presente resolución.

Artigo 2.- Beneficiarios

1. Para o Programa de incentivos 1 poderán ser beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 do Real Decreto 266/2021 sempre que teñan a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben

adquiran o vehículo nun concesionario ou punto de venda situado en Galicia. Para o Programa de incentivos 2 serán beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 do Real Decreto 266/2021 cando a actuación subvencionada se desenvolva no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non serán beneficiarios destas axudas:

- a) Para a actuación do Programa de incentivos 1, relativa á adquisición de vehículos eléctricos, os concesionarios ou puntos de venda cuxa epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas sexa ou 615.1 ou 654.1, conforme ó disposto polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.
- b) Aqueles nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) As empresas que se atopen en situación de crise, conforme á definición que a estes efectos se realiza no Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014 e nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación da Comisión, 2014/C 249/1, do 31 de xullo de 2014).
- d) As empresas que se atopen suxeitas a unha orde de recuperación pendente sobre calquera axuda ou subvención que lles tivese sido outorgada con anterioridade, ben por terse declarado axuda ilegal e incompatible co mercado interior, ben por calquera tipo de incumprimento das obrigas que lle viñesen atribuídas na concesión.

Artigo 3.- Financiamento e contía máxima das axudas a outorgar coa convocatoria

1. As subvencións previstas nesta convocatoria financiaranse con cargo ós orzamentos do Inega, distribuídos plurianualmente segundo a táboa seguinte. O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 19.636.965,35 €.

Importe 2025 (€)	Importe 2026 (€)	TOTAL (€)
9.000.000,00	10.636.965,35	19.636.965,35

O orzamento por partida e anualidade redistribuirase tendo en conta as solicitudes rexistradas conforme ao establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia entre as seguintes partidas: 09.A3.733A.703.1, 09.A3.733A.745.4, 09.A3.733A.744.2, 09.A3.733A.762.1, 09.A3.733A.772.1 e 09.A3.733A.782.1.

2. O crédito máximo segundo a tipoloxía de proxecto será o seguinte:

TIPO DE ACTUACIÓN	ORZAMENTO TOTAL (€)
Programa de incentivos 1: Adquisición de vehículos eléctricos (60%)	11.782.179,21
Programa de incentivos 2: Implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos (40%)	7.854.786,14
TOTAL	19.636.965,35

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser obxecto de redistribución unha vez transcorrido un mes desde a apertura do prazo de presentación de solicitudes, co fin de adaptalo á evolución da demanda de axudas en cada unha das epígrafes. Esta redistribución, de levarse a cabo, respectará en todo caso as porcentaxes establecidas no artigo 10.10 do Real Decreto 266/2021 durante toda a vixencia da convocatoria. Unha vez finalizada a vixencia o orzamento poderá ser redistribuído nos termos recollidos no artigo 10.13 das bases reguladoras, podendo, se é o caso, incorporarse os remanentes de orzamento que non puidesen ser destinados ao financiamento de investimentos directos pola Comunidade Autónoma.

Así mesmo, o importe dos fondos previstos terá carácter máximo, sen prexuízo da posibilidade de ampliación do crédito como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada de calquera das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta ampliación estará condicionada, de ser o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que corresponda e poderá dar lugar á concesión de novas subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes resultante da aplicación dos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

No caso de que se produza unha ampliación do crédito, esta será publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) e na páxina web do Inega (www.inega.gal), para os efectos da súa publicidade e transparencia.

3. A concesión das axudas queda condicionada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, no marco do Plan MOVES III para o ano 2025.

4. A contía das axudas para cada unha das actuacións subvencionables está recollida no Anexo III do Real Decreto 266/2021, de 13 de abril, polo que se regula o programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III).

Artigo 4.- Vixencia

De acordo co establecido no artigo 1 do Real Decreto-lei 3/2025, do 1 de abril, o período de vixencia da presente convocatoria abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

Artigo 5.- Procedemento de adhesión de entidades colaboradoras (Código de Procedemento IN421Q)

1. O procedemento de adhesión de entidades colaboradoras que participen na xestión do Programa de Incentivos 1 e no Programa de Incentivos 2 (código de procedemento IN421Q) rexerase polo disposto no artigo 6 da Resolución do Inega de 26 de xullo de 2021 agás as excepcións expresamente previstas neste artigo.

2. As entidades colaboradoras actualmente adheridas ao MOVES III consideraranse automaticamente integradas no MOVES III_2025, sen necesidade de presentar nova solicitude, salvo renuncia expresa que poderá formalizarse en calquera momento antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes, mediante a presentación do “Formulario de Renuncia da entidade colaboradora á adhesión ó MOVES III_2025” (Anexo I Bis). A vixencia destes convenios amplíase ata o 30 de xuño de 2027, garantindo non só o prazo máximo de xustificación das actuacións establecido no artigo 4.1 do Real Decreto-lei 3/2025 (31 de decembro de 2026), senón tamén o período adicional necesario para a correcta xestión dos expedientes.

3. Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora as persoas xurídicas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 6 da Resolución do Inega de 26 de xullo de 2021 e que, dentro do prazo sinalado no punto 4, presenten a “Solicitude de Adhesión de entidades colaboradoras” (Anexo I) e suscriban o correspondente “Convenio de Adhesión” (Anexo II).

4. O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte á publicación no DOG da presente convocatoria e finalizará o 31 de decembro de 2025, data na que remata a vixencia do MOVES III_2025 en Galicia.

Artigo 6.- Forma e prazo de presentación das solicitudes (Código de Procedemento IN421R)

1. O procedemento de presentación de solicitudes de axuda rexerase polo disposto no artigo 7 da Resolución do Inega de 26 de xullo de 2021 agás as excepcións expresamente previstas neste artigo.

As solicitudes subscribiranse directamente polas entidades colaboradoras, se se tramita a axuda a través destas, ou directamente polos interesados ou persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito, nos casos nos que se permita a presentación directa de solicitudes. Neste caso, deberá presentar o correspondente formulario de solicitude de axuda (Anexo III). Unha vez presentada unha solicitude non se poderá modificar o proxecto ata que recaía resolución de concesión.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o oitavo (8º) día natural seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, as 9:00 horas e rematará o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, e en cumprimento do disposto no artigo 2 do Real decreto lei 3/2025, consideraranse válidas e tidas por presentadas no marco do MOVES III_2025 aquelas solicitudes rexistradas na aplicación informática do MOVES III a partir do 1 de xaneiro de 2025. Estas solicitudes serán incorporadas automaticamente ao novo programa sen necesidade de realizar ningún trámite adicional por parte da persoa solicitante, mesmo nos casos en que tiveran sido inadmitidas no MOVES III por terse presentado fóra de prazo.

Artigo 7.- Xustificación

1. O prazo máximo de xustificación das actuacións finaliza o 31 de decembro de 2026.
2. Para subvencións concedidas por importe inferior a cen mil (100.000) euros e de maneira opcional, poderá entregarse, por ter carácter de documento con validez xurídica para a xustificación da subvención, unha conta xustificativa simplificada segundo o previsto no artigo 75 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Se se fai entrega desta conta

xustificativa simplificada, no caso do programa de incentivos I estará exento da obrigaón de achegar a documentación xustificativa de factura e xustificante de pagamento.

A conta xustificativa conterá a información que figura no artigo 75.2 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3. A fase de xustificación das axudas rexirase polo disposto nos artigos 19 e 20 da Resolución do Inega de 26 de xullo de 2021 (publicada no DOG nº 149, do 5 de agosto de 2021) e nas súas modificacións posteriores.

Artigo 8.- Réxime xurídico

1. Para o non previsto na presente Resolución estarase ao disposto na Resolución do 26 de xullo de 2021, publicada no DOG nº 149, do 5 de agosto de 2021 , e as súas modificacións posteriores.
2. As axudas convocadas nesta resolución quedan exentas das obrigas e requisitos específicos establecidos para a xestión e o control de fondos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, tal e como recolle a Resolución da Dirección do Inega de 26 de xullo de 2021.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2025

O director do Instituto Enerxético de Galicia

Pablo Fernández Vila

Anexos:

Anexo I: Solicitud de Adhesión de Entidades colaboradoras

Anexo I Bis: Renuncia da entidade colaboradora á adhesión ó MOVES III.

Anexo II: Convenio de adhesión

Anexo III: Formulario de solicitud de axuda

Anexo IV: Documentación de representación

Anexo V: Declaración compromisos de execución de agrupacións

Anexo VI: Renuncia

Anexo VII: Solicitud de modificación do proxecto

Anexo VIII: Solicitud de pagamento